



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 244

IX lexislatura

25 de febreiro de 2014

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 20028 (09/PL-000016)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia

[58781](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de febreiro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e apertura do prazo de presentación de emendas

- 20028 (09/PL-000016)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia

Examinado o devandito proxecto e logo de verificar que reúne a documentación e os antecedentes previstos no artigo 111 do Regulamento, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Admitir a trámite o devandito proxecto de lei polo procedemento lexislativo ordinario.

2º. Oír a Xunta de Portavoces para a súa asignación á Comisión e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Abrir o prazo regulamentario de 15 días hábiles para a presentación de emendas, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O prazo remata o día 14 de marzo de 2014, ás 18.30 horas.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2014

Pilar Rojo Noguera
Presidenta





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mv




Para a súa tramitación polo Parlamento de Galicia achégolle o "**Proxecto de Lei de arquivos e documentos de Galicia**", aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2014.

Asemade achégase a certificación expedida polo secretario do Consello co visto e prace do Sr. Presidente da Xunta de Galicia, así como os documentos aos que se refire o artigo 111 do Regulamento da Cámara.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta de xaneiro de dous mil catorce adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

“Aprobar o *Proxecto de lei de arquivos e documentos de Galicia*, e a súa remisión ao Parlamento de Galicia”

E para que conste asino esta certificación, co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a trinta de xaneiro de dous mil catorce.


Vº. e Prace
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA

**PROXECTO DE LEI DE ARQUIVOS
E DOCUMENTOS DE GALICIA**





EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os arquivos constitúen servizos da máxima relevancia nunha sociedade democrática. A través deles asegúrase a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións, e contribúese así ao cumprimento das previsións da Constitución española de 1978: a eficacia dos dereitos fundamentais de liberdade de información recollidos no artigo 20, a consecución da eficacia administrativa á que fai referencia o artigo 103, o cumprimento do dereito de acceso á cultura e a promoción da investigación científica previsto no artigo 44, así como a conservación e promoción do patrimonio histórico, cultural e artístico, do que o patrimonio documental constitúe unha parte fundamental, contida no artigo 46. A presente lei expresa o compromiso dos poderes públicos galegos coa consecución dun sistema de arquivos de Galicia á altura das finalidades constitucionais que esta institución debe cumprir.

As competencias do Parlamento de Galicia para a aprobación desta lei proveñen do disposto no artigo 27.18 do Estatuto de autonomía, que regula a competencia exclusiva en materia de arquivos de interese para a comunidade autónoma, do establecido nos artigos 27.1 e 39 que tratan da competencia exclusiva de organización das súas institucións de autogoberno, así como do sinalado no artigo 27.5, que supón a asunción pola comunidade autónoma de competencia exclusiva respecto das normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes públicos galegos. Son competencias transversais que atinxen tanto ao patrimonio documental como á organización e réxime xurídico das institucións de autogoberno.

O Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, fixo efectivo o traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, e polo tanto, de arquivos.






O artigo 149.1.28 da Constitución española reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión polas comunidades autónomas. De acordo con esta previsión, no ano 1989 asinouose o convenio de xestión de arquivos de titularidade estatal entre o Ministerio de Cultura e a comunidade autónoma, que foi complementado co Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación dos medios persoais e orzamentarios traspasados na materia. Os arquivos transferidos foron o Arquivo do Reino de Galicia, na Coruña, e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

A Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, foi a primeira norma galega con rango de lei que lles dedicou unha atención singular aos arquivos e ao patrimonio documental. Esta lei asentou conceptos básicos como o de patrimonio documental ou o de sistema de arquivos e tivo a virtude de inserir estes bens na estrutura de protección elaborada con carácter xeral para todo o patrimonio cultural de Galicia.

Ata a entrada en vigor da dita lei, a normativa propia en materia de arquivos e patrimonio documental abordouse a través de distintas normas de rango regulamentario, e é fundamental o papel desenvolvido polo Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia. Este decreto, ditado en substitución do Decreto 414/1986, do 18 de decembro, polo que se regulaba o sistema público de arquivos da comunidade, supuxo a primeira aproximación normativa a conceptos fundamentais como o de arquivos e patrimonio documental de Galicia ao tempo que permitiu delimitar as nocións de sistema e redes de arquivos da comunidade.

O Decreto 207/2010, do 10 de decembro, polo que se crea o Arquivo de Galicia, e o Decreto 219/2011, do 17 de decembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia, veñen a completar a normativa autonómica na materia.

Na actualidade faise necesario dispor dunha lei específica de arquivos que ofrezca o amparo suficiente a unha competencia con ampla repercusión na Administración pública e que permita abordar con decisión as cuestións que lles





afectan aos arquivos.

A norma enmárcase nun contexto legal integrado por distintas disposicións que, sen ser especificamente arquivísticas, teñen unha extraordinaria influencia neste ámbito. Merece especial mención a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que no seu artigo 35 h) recoñece o dereito dos cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas ao acceso á información pública, arquivos e rexistros; a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e á súa normativa de desenvolvemento; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e a Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura.

Os arquivos fórmanse no proceso natural de desenvolvemento das actividades das entidades e persoas e os documentos que xeran son ante todo testemuño e garantía dos actos administrativos e xurídicos e constitúen a memoria visible dos seus produtores, susceptible de transformarse co tempo na memoria histórica da sociedade.

Tradicionalmente nos arquivos predominou a finalidade de asegurar a conservación desa memoria, pero os arquivos públicos son algo máis que servizos de depósito cultural. Os documentos que os integran, malia seren considerados patrimonio documental pola Lei 8/1995 desde o mesmo momento da súa produción ou recepción polas administracións públicas no desenvolvemento das súas actividades, deben servir en primeiro lugar aos fins para os que foron concibidos. Uns fins que non son outros que facer posible a propia xestión administrativa, garantir e testemuñar os dereitos e os deberes da propia Administración e dos cidadáns, e proporcionar información, nun marco de xestión dos asuntos públicos onde a transparencia e a responsabilidade democráticas e a calidade na prestación dos servizos constitúen referencias inescusables. Os arquivos cumpren así unha función básica na xestión administrativa, na medida en que aseguran a continuidade da acción administrativa e permiten o exercicio dos dereitos dos cidadáns en condicións de transparencia, na liña do establecido pola Lei 4/2006, do 30 de xuño, de



transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

É preciso pois que a estrutura legal e administrativa que configura o sistema de arquivos, en estreita relación coa xestión administrativa xeral, tal e como establecen as normas internacionais de xestión documental, controle, dirixa e reduza de maneira eficaz o fluxo documental que se inicia nas oficinas públicas. Ao controlalo e dirixilo, o sistema de arquivos contribúe a garantir a conservación indefinida do contexto administrativo dos documentos, e por tanto a súa autenticidade, así como a transparencia das administracións e o exercicio do dereito de acceso aos documentos por parte dos cidadáns. Ao reduci-lo, favorece a eliminación da redundancia informativa, asegura a eficacia e a eficiencia da Administración e facilita a conservación permanente do patrimonio documental da comunidade autónoma.

Ademais do anterior, a lei adopta as previsións básicas para adaptar a xestión dos arquivos públicos ao contexto dixital. A Administración electrónica é unha realidade xa ineludible para todas as administracións públicas, desde o momento en que a Lei estatal 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e as disposicións que a están a desenvolver, así como a Recomendación da Comisión Europea do 24 de agosto de 2006 sobre dixitalización e accesibilidade en liña do material cultural e a conservación dixital (2006/585/CE), contemplan prazos e sistemas concretos de incorporación dos sistemas de xestión documental ao ámbito dixital, así como os dereitos dos cidadáns a ser usuarios de tales sistemas e a relacionarse electronicamente coas administracións. Así mesmo, a lei atende ás esixencias que, en relación co anterior, se derivan do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A presente lei proporciona o marco normativo adecuado para que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolva as competencias asumidas en materia de arquivos, co obxectivo de articular unha xestión documental eficaz e eficiente, garantir o acceso aos documentos e aos arquivos e conservar e difundir o patrimonio documental de Galicia.

A lei estrutúrase nun título preliminar e catro títulos, seis disposicións adicionais,



tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres finais.

O título preliminar dedícase a fixar o obxecto da lei, o seu ámbito de aplicación, así como as definicións e principios que lle dan sentido ao texto legal.

Os títulos I, II e III conforman o núcleo regulador fundamental deste texto. O título IV refírese ao réxime sancionador.

O título I trata dos documentos. Os documentos constitúen a materia prima das administracións públicas e, por ende, dos arquivos. A condición de patrimonio documental que todos os documentos titularidade pública posúen desde o momento mesmo da súa produción ou recepción implica a existencia dunha competencia transversal por parte do órgano da Administración xeral da comunidade autónoma que ten atribuída esta materia. Esta competencia, que atinxe a todos os documentos, sexa cal sexa o medio ou soporte en que se creen ou reciban, non pode concibirse desvinculada dos fins (esencialmente administrativos, xurídicos e informativos) con que eses mesmos documentos son producidos polos diferentes organismos e entidades das administracións públicas nin dos conceptos, presentes na teoría arquivística, do ciclo de vida e do continuo documental, a través dos cales a noción de arquivo adquire o seu pleno sentido. Por iso é necesario precisar cal é o réxime xurídico dos documentos de titularidade pública e as diferenzas que presenta cos dos documentos de titularidade privada.

O título II está dedicado aos arquivos, definidos como os conxuntos orgánicos de documentos producidos, reunidos ou conservados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións e actividades, con finalidades de xestión administrativa, proba dos dereitos e deberes da administración e dos cidadáns, investigación ou acceso á información e á cultura, pero tamén como institucións que os reúnen, os custodian e os poñen a disposición da administración e dos cidadáns. Os arquivos son tamén un sistema que coa súa metodoloxía se integra na xestión documental das organizacións.

O capítulo I deste título trata dos arquivos públicos, considerados como o núcleo fundamental do patrimonio documental. Neste capítulo, establécense as diferentes clases de arquivos públicos e determináanse os recursos persoais e



materias que precisan para o desenvolvemento axeitado das súas funcións.

O capítulo II aborda con detalle as funcións que son consubstanciais coa natureza destas institucións: a xestión documental, a información e o acceso aos documentos e a protección e difusión do patrimonio documental de Galicia.

A sección 1.^a deste capítulo trata da xestión documental. É esta unha noción que facilita a comprensión da existencia e formación dos arquivos e que se define como o conxunto de funcións, procesos e medios que, integrados na xestión administrativa xeral e aplicados con carácter transversal e de modo continuo no seo do Sistema de Arquivos de Galicia serven para garantir a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo, así como para a configuración do patrimonio documental de Galicia.

Así pois, a lei contempla baixo a óptica da unidade do patrimonio documental e dunha forma global a xestión documental e os arquivos. Isto faise na liña das normas técnicas internacionais de xestión documental e coa perspectiva do desenvolvemento que xa está a ter a administración electrónica na nosa comunidade autónoma, pero sen esquecer por iso a necesaria atención que merece a produción documental nos soportes tradicionais.

Desta forma, concrépanse os procesos e funcións que comprende a xestión documental, o papel que os arquivos deben desenvolver nela e a coordinación entre as consellerías da Xunta de Galicia competentes en materia de Administración electrónica e sistemas de información e de arquivos, documentos e patrimonio documental para garantir a custodia e arquivo dos documentos producidos por calquera medio ou soporte, incluídos os electrónicos. Crea tamén a lei o Inventario dos Sistemas de Xestión de Documentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como instrumento de control e seguimento da produción e custodia de documentos electrónicos.

Con este criterio integrador, a lei préstalle unha detallada atención a aqueles procesos e tarefas máis relevantes da xestión documental, tanto no medio convencional como no electrónico. Destácanse así a avaliación, selección e eliminación de documentos e as transferencias documentais; todas fundamentais para asegurar o cumprimento da obriga de custodia dos documentos que a lei lles



encomenda aos arquivos públicos.

A sección 2.^a do capítulo II do título II desenvolve a función de información dos arquivos e regula o acceso aos documentos por parte dos cidadáns. O tratamento que a lei lle outorga a este tema contribúe a clarificar a relación entre as administracións públicas e os cidadáns.


O capítulo III, relativo aos arquivos privados, fai unha mención especial ás obrigas das persoas que teñen encomendada a custodia do patrimonio documental.

O capítulo IV está dedicado ao censo de arquivos que constitúe unha ferramenta fundamental da Xunta de Galicia para coñecer a composición cualitativa e cuantitativa do patrimonio documental.

O título III está dedicado ao Sistema de Arquivos de Galicia, no que se integran todos os arquivos públicos de Galicia e aqueles privados que o desexen. A lei deseña unha detallada estrutura organizada por tres principios: a coordinación e colaboración entre as distintas administracións públicas, a autonomía de cada unha delas para organizarse e a concorrencia de todas na consecución dos obxectivos xerais de eficacia, transparencia, facilitar o acceso á cultura e conservación do patrimonio documental.

A lei concibe o sistema de arquivos como unha estrutura legal e administrativa na que os documentos, o patrimonio documental en fin, cobran o seu verdadeiro sentido de elementos estratéxicos da xestión administrativa, da información e da memoria colectiva a través da xestión documental.

Dentro deste título, préstaselle unha especial atención ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. A súa regulación pode servir de modelo para o desenvolvemento dos sistemas das administracións e entidades públicas que, por producir e custodiar documentos públicos, forman parte do Sistema de Arquivos de Galicia.





O título IV reúne os elementos definatorios da potestade sancionadora e establece o catálogo de infraccións e sancións, así como os elementos procesuais necesarios para garantir o cumprimento das determinacións previstas na lei.

A lei complétase con seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, tres disposicións derogatorias e tres disposicións finais. As dúas primeiras disposicións adicionais precisan o ámbito e o réxime dos documentos de titularidade da Xunta de Galicia custodiados nos arquivos de titularidade estatal xestionados pola Administración autonómica. A disposición adicional terceira autoriza á Xunta de Galicia a actualizar pola vía do regulamento as contías das multas establecidas na lei. A cuarta refírese ao mantemento do principio de igualdade no funcionamento dos arquivos públicos e da presenza equilibrada de homes e mulleres na composición ou designación dos membros dos órganos Colexiados. A quinta prevé o establecemento de medidas para a reintegración do patrimonio documental galego que estea en mans doutras administracións públicas. A sexta refírese á lexislación que regula as historias clínicas.

As tres disposicións transitorias fixan o prazo de seis meses para que a Xunta de Galicia regule a organización e o funcionamento dos órganos Colexiados que establece a lei, dun ano para a aprobación dun plan de arquivos e de tres anos para que os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galicia adapten a súa normativa aos principios da lei.

A disposición derogatoria atinxe á Lei do patrimonio cultural de Galicia e a o decreto que regula o sistema de arquivos e patrimonio documental de Galicia, así como a calquera norma de igual ou inferior rango que a contradiga ou se opoña a ela.

As disposicións finais modifican o artigo 7 g da Lei 8/1995, autorizan a Xunta de Galicia para o desenvolvemento da lei e establecen o prazo para a súa entrada en vigor.






TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

É obxecto da presente lei a regulación da protección, conservación e difusión do patrimonio documental de interese para Galicia e a organización, funcionamento, acceso e difusión do contido dos arquivos de interese para Galicia e do Sistema de Arquivos de Galicia.





Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. Rexeranse pola presente lei:

- a) Os documentos que integran o patrimonio documental de Galicia, de conformidade coa lexislación reguladora do patrimonio cultural de Galicia, e
- b) Os arquivos de interese para Galicia e o Sistema de Arquivos de Galicia.

2. De conformidade coa competencia exclusiva do Estado prevista no artigo 149.1.28.^a da Constitución, os arquivos de titularidade estatal rexeranse pola lexislación estatal que lles sexa de aplicación, sen prexuízo do disposto nesta lei en todo o que non se opoña á normativa estatal e do establecido nos convenios subscritos entre o Estado e a Xunta de Galicia.



Artigo 3. *Principio de lealdade institucional*

Na aplicación desta lei, as administracións públicas deberán actuar conforme aos principios de lealdade institucional, coordinación e colaboración, nos termos previstos no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 4. Definicións

Para os efectos da aplicación da presente lei, tomaranse en conta as seguintes definicións:

1. Arquivo: un ou varios conxuntos orgánicos de documentos producidos, reunidos ou conservados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións e actividades, con finalidades de xestión administrativa, proba dos dereitos e deberes da Administración e dos cidadáns, investigación ou acceso á información e á cultura. Este concepto corresponde tamén ao de fondo documental.

Igualmente, enténdese por arquivo o sistema corporativo de xestión documental que contribúe coa súa metodoloxía a definir os procesos de produción administrativa, garantindo a correcta creación dos documentos, o seu tratamento, conservación, acceso e comunicación.

Tamén se denomina arquivo a institución especializada onde se reúnen, se custodian e se serven os fondos documentais, por medios e técnicas que lle son propias, para o cumprimento dos fins citados.

2. Documento: toda expresión en linguaxe oral ou escrita, natural ou codificada, e calquera expresión gráfica, sonora ou en imaxe, recollida e conservada en calquera tipo de soporte material como información ou proba, polas persoas físicas ou xurídicas no desenvolvemento das súas actividades ou en virtude de obrigas legais.

Considéranse, en todo caso, documentos:

- a) Os que son resultado de procedementos regulados por unha norma xurídica.
- b) Os que, sen estar regulados por normas de procedemento específicas, lles serven ás institucións e persoas como elementos de información e coñecemento.
- c) Os documentos administrativos electrónicos, na definición básica dada polo artigo 29 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. Documentos de custodia permanente: os documentos que deben conservarse despois dun proceso de avaliación e selección.

4. Xestión documental: conxunto de funcións, procesos e medios que, integrados na xestión administrativa xeral e aplicados con carácter transversal e de modo continuo no seo do Sistema de Arquivos de Galicia serven para garantir a autenticidade, a fiabilidade, a integridade e a dispoñibilidade dos documentos ao



longo do tempo, así como para a configuración do patrimonio documental de Galicia.

5. Serie documental: conxunto de documentos que testemuñan a actividade desenvolvida de forma continuada no tempo por un ou varios suxeitos produtores no exercicio dunha determinada función e regulada xeralmente por unha mesma norma de procedemento.

6. Avaliación documental: fase do tratamento documental que consiste en determinar os valores administrativo, legal-xurídico, informativo e histórico presentes en cada unha das series documentais identificadas para os efectos da súa selección para a conservación ou eliminación. A avaliación determinará a vixencia temporal deses valores, os prazos de transferencia, o réxime e prazos de acceso e a selección dos documentos.

7. Selección documental: enténdese por selección documental a operación a través da cal se fai explícita a proposta de conservación ou eliminación da serie documental, unha vez identificada e avaliada.





TÍTULO I


Dos documentos

CAPÍTULO I

Os documentos de titularidade pública

Artigo 5. Documentos de titularidade pública


1. Para os efectos da presente lei, son documentos de titularidade pública os das persoas físicas ou xurídicas, tanto públicas como privadas, enumeradas no punto seguinte, producidos e recibidos no exercicio das competencias que lle son propias, sen prexuízo da normativa estatal ou internacional que lles afecte.
2. Para os efectos da presente lei, son documentos de titularidade pública:
 - a) Os do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Valedor do Pobo e o Consello da Cultura Galega.
 - b) Os do Consello da Xunta e os da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - c) Os das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
 - d) Os das corporacións de dereito público de Galicia, no relativo ás súas funcións públicas atribuídas.
 - e) Os das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus entes, organismos ou empresas delas dependentes.
 - f) Os das universidades públicas radicadas en Galicia e centros e estruturas delas dependentes.
 - g) Os da Administración do Estado e os seus organismos públicos, sociedades mercantís e fundacións dela dependentes radicados en Galicia.
 - h) Os dos órganos da Administración de Xustiza radicados en Galicia.
 - i) Os das notarías e rexistros públicos radicados en Galicia.
 - j) Os dos organismos dependentes das institucións da Unión Europea, así como calquera outro organismo público internacional radicado en Galicia.
 - k) Os das entidades dotadas de personalidade xurídica propia creadas, participadas maioritariamente ou controladas efectivamente por calquera das entidades e persoas xurídicas mencionadas neste artigo no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas.





l) Os das persoas físicas ou xurídicas xestoras de servizos públicos de ámbito galego, en canto aos documentos xerados na prestación dos ditos servizos.


m) Os de calquera outra entidade pública non incluída nos supostos anteriores no exercicio de potestades administrativas ou funcións públicas.





Artigo 6. Documentos de titularidade pública e patrimonio documental


1. Os documentos de titularidade pública son patrimonio documental de Galicia desde a súa creación ou a súa acumulación.
2. A xestión, custodia e acceso aos documentos de titularidade pública réxese polos principios sinalados nesta lei con respecto á xestión documental e o ao Sistema de Arquivos de Galicia e son responsabilidade directa dos seus titulares.





Artigo 7. *Extinción de organismos*


No caso de extinción ou supresión dun organismo ou entidade que xestione ou conserve documentos de titularidade pública, o órgano competente para acordala deberá determinar de forma expresa o arquivo público onde se depositará a documentación. A transferencia de documentos debe formalizarse mediante a correspondente acta.





Artigo 8. Alteración da natureza xurídica de organismos e entidades públicas

Son de titularidade pública os documentos dos organismos ou das entidades públicas que dependan deles que pasen a ser de natureza privada ou perdan a dependencia pública, xerados con anterioridade ao cambio de natureza ou de dependencia, e deben ser transferidos ao arquivo da Administración pública da que dependía o organismo ou entidade, ou, se é o caso, ao que determine a consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental.





Artigo 9. *Inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade*

Os documentos de titularidade pública son inalienables, imprescritibles e inembargables.




CAPÍTULO II

Os documentos de titularidade privada

Artigo 10. *Documentos de titularidade privada*


Para os efectos desta lei, son documentos de titularidade privada aqueles que son propiedade dunha persoa física ou xurídico-privada, con independencia da súa natureza pública ou privada.





Artigo 11. *Documentos de titularidade privada e patrimonio documental*


Forman parte do patrimonio documental de Galicia os documentos de titularidade privada que reúnan os requisitos establecidos no artigo 77 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia.





Artigo 12. *Depósito dos documentos de titularidade privada en arquivos públicos*

Os documentos de titularidade privada, para garantir a súa conservación e custodia, poderán ser depositados nun arquivo público nas condicións que se establezan regulamentariamente.





TÍTULO II
Dos arquivos

CAPÍTULO I
Dos arquivos públicos

Artigo 13. *Definición*

Son arquivos públicos os que recollen, custodian, comunican e difunden os documentos producidos e recibidos polos órganos e entidades públicas relacionados no artigo 5 no exercicio das súas competencias.



Artigo 14. *Clases*


1. Os arquivos públicos integran todos os documentos producidos e reunidos por cada unha das distintas administracións públicas e ás súas entidades instrumentais, aínda que estean distribuídos en distintos locais e instalacións por razóns de eficacia dos servizos públicos ou xestionados por sistemas automatizados.

2. Atópanse integrados nos arquivos públicos:

a) Os arquivos de xestión que custodian os documentos producidos e reunidos polas distintas unidades administrativas das entidades e persoas mencionadas no artigo anterior co obxectivo prioritario de apoiar a xestión delas.

b) Os arquivos centrais e intermedios que concentran os documentos producidos e reunidos por todas as unidades administrativas dunha mesma entidade pública e, se é o caso, das institucións e persoas delas dependentes co obxectivo prioritario de avalialos e facilitar o acceso á información que conteñan tanto á Administración como aos cidadáns.


c) Os arquivos históricos que concentran os documentos que posúen valor histórico co obxectivo prioritario de conservalos, facilitar a investigación histórica, científica e cultural e permitir o gozo de todos os cidadáns como testemuños de civilización e da memoria colectiva.





Artigo 15. *Persoal.*

1. Os arquivos públicos contarán co persoal arquivista, técnico e administrativo suficiente para cubrir as necesidades do servizo. A dirección dos arquivos públicos deberá recaer en persoas con titulación universitaria e formación en materia de arquivos ou documentación.
2. As institucións das que dependan os arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia deberán incluír nas bases que rexan os procesos de selección do persoal técnico destinado nestes, os requisitos de titulación e os temarios que fixe o órgano competente en materia de arquivos e patrimonio documental. Nos tribunais encargados de resolver os procesos de selección poderá figurar un/unha arquivista/a profesional de calquera das administracións públicas galegas. Para tal efecto, o órgano de dirección competente en materia de arquivos e patrimonio documental prestaralle o auxilio necesario ás institucións titulares dos arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia cando así o soliciten, e velará polo correcto cumprimento do disposto no presente artigo nos termos que se dispoña regulamentariamente.
3. Son obrigas do persoal ao servizo dos arquivos públicos, de acordo coas responsabilidades profesionais que en todo caso lle corresponden a cada grupo ou categoría:
 - a) Conservar o patrimonio documental de Galicia.
 - b) Controlar a xestión documental.
 - c) Organizar e describir os fondos documentais.
 - d) Facilitarlles aos organismos produtores dos documentos o préstamo e a utilización dos datos neles contidos.
 - e) Garantir o acceso dos cidadáns á información e aos documentos de acordo coa lexislación vixente.
 - f) Manter o segredo das informacións ou documentos que por disposición legal non se deban divulgar.
 - g) Difundir, se é o caso, os documentos que custodien a través de actividades de divulgación e de formación.





Artigo 16. *Infraestructuras e orzamentos.*

1. Todos os arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia deberán posuír as instalacións e sistemas de xestión axeitados, tanto no que respecta á súa situación coma ás súas condicións técnicas específicas, para o mantemento, seguridade, consulta e conservación dos documentos neles custodiados.
2. A consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental proporcionará o asesoramento técnico necesario e fomentará o cumprimento das condicións técnicas referidas no punto anterior, dentro das disponibilidades orzamentarias, de acordo cos plans plurianuais e anuais sectoriais que se elaboren.
3. Decláranse de utilidade pública para os efectos da expropiación forzosa os edificios e terreos onde vaian ser instalados arquivos de titularidade pública. O recoñecemento en cada caso concreto dos bens e dereitos individualizados que se van expropiar será realizado por un decreto da Xunta de Galicia. O recoñecemento poderá estenderse aos edificios e terreos contiguos cando así o requiran razóns de seguridade ou para facilitar a axeitada conservación dos inmobles ou dos bens que conteñan.
4. A construción ou reforma dun edificio como sede dos órganos e entidades públicas relacionados no artigo 13 deberá prever o espazo necesario e axeitado para a instalación do correspondente arquivo. En todo caso, o proxecto axustarase ás normas e recomendacións técnicas en materia de construción de arquivos.




CAPÍTULO II

Funcións dos arquivos públicos

Artigo 17. A xestión documental e a información


Os arquivos públicos participan na xestión documental das administracións públicas e facilitan o acceso aos documentos e á información que conteñen, de forma presencial e a través de medios electrónicos, mediante a consulta, a reprodución directa ou a través dos instrumentos de referencia correspondentes.





Artigo 18. *Protección e promoción do patrimonio documental*

1. Ademais das mencionadas no artigo anterior, son funcións dos arquivos públicos de carácter histórico as seguintes:
 - a) Promover a recuperación ou reprodución dos documentos constitutivos do patrimonio documental galego ou de interese para Galicia que estean fóra da comunidade.
 - b) Promover a incorporación, por calquera medio legal, de fondos documentais privados que posúan interese cultural.
 - c) Promover a conservación, organización e descrición dos fondos documentais de carácter permanente que custodien.
 - d) Desenvolver accións de divulgación e de formación entre os cidadáns dos fondos documentais que custodien.
 - e) Promover o desenvolvemento local mediante a colaboración cos centros educativos e asociacións culturais do seu contorno na divulgación do patrimonio documental.
2. A Xunta de Galicia promoverá a converxencia de arquivos, bibliotecas e museos na conservación e acceso ao patrimonio documental a través de directrices e políticas integradas para a súa dixitalización e difusión.






SECCIÓN 1.ª A XESTIÓN DOCUMENTAL

Artigo 19. *Procesos e funcións que comprende a xestión documental*

1. Os arquivos públicos participarán de forma activa en todos os procesos e funcións que integran a xestión documental, de acordo co establecido nesta lei e coas normas que se establezan regulamentariamente.
2. A xestión documental está integrada polos seguintes procesos e funcións arquivísticos aplicados aos documentos: a identificación, a avaliación, a organización, a descrición, a conservación e o servizo.
3. A xestión documental incluirá:
 - a) A definición dos sistemas de información que aseguren a adecuada xestión documental.
 - b) A regulación dos procedementos administrativos co obxecto de determinar os criterios de avaliación para a selección, a transferencia da custodia e o acceso aos documentos ao longo do tempo.
 - c) O deseño dos documentos para garantir a súa autenticidade, integridade, fiabilidade, dispoñibilidade, contextualización e interoperabilidade.





Artigo 20. *A avaliación , selección e eliminación de documentos*

1. Os documento de titularidade pública serán avaliados e seleccionados para determinar a súa conservación ou eliminación, de acordo co interese que presenten desde o punto de vista administrativo, xurídico, histórico e legal, e os seus prazos de vixencia, acceso e conservación, mentres se atopen en calquera das fases previas ao seu ingreso nun arquivo histórico, sen prexuízo do establecido no punto 2 deste artigo.
2. Poderán ser obxecto de avaliación e selección os documentos depositados en arquivos históricos con anterioridade á entrada en vigor desta lei ou aqueles que, aínda que non estean avaliados e seleccionados, ingresen, por motivos xustificados, con posterioridade.
3. Regulamentariamente ordenarase o procedemento de avaliación, selección e eliminación de documentos nos arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia así como o ciclo vital dos documentos dos órganos e entidades integrantes do Sector Público de Galicia.
4. A eliminación de documentos consiste na exclusión como bens do patrimonio documental e a destrución física dos documentos previamente avaliados e seleccionados, sen prexuízo da súa posible conservación nun soporte distinto ao orixinal.
5. Non poderá eliminarse ningún documento público se antes non fose avaliado e seleccionado de acordo co procedemento que se estableza con tal fin.




Artigo 21. A custodia dos documentos de titularidade pública

1. Os documentos que obren nos arquivos públicos non poderán ser extraídos dos correspondentes arquivos e oficinas públicas, con excepción dos casos legalmente establecidos. As persoas responsables da custodia documental deberán gardar copia destes ata que conclúa a súa utilización externa e a súa restitución ao lugar de orixe.
2. Cando non sexa por razóns administrativas, a saída de documentos dos arquivos públicos da Xunta de Galicia deberá ser autorizada polo órgano coordinador do Sistema de Arquivos de Galicia. A saída de documentos doutros arquivos integrados no Sistema deberá ser notificada ao órgano coordinador. En todo caso, garantirase a seguridade e a integridade dos documentos.
3. As persoas titulares dos órganos administrativos e, en xeral, calquera persoa que por razón do desempeño dunha función pública tivese ao seu cargo documentos de titularidade pública, ao cesar nas súas funcións deberallos entregar á persoa que o substitúa ou remitilos ao arquivo público que corresponda.
4. En caso de retención indebida de documentos de titularidade pública por persoas ou institucións privadas, a Administración titular ordenará o traslado de tales bens a un arquivo público, e iniciará de oficio os trámites necesarios para depurar as responsabilidades en que se puidese incurrir.
5. A Xunta de Galicia garantirá a custodia e conservación dos seus documentos electrónicos e facilitaralles aos arquivos da súa titularidade ou xestión o cumprimento das funcións que lle corresponden sobre aqueles.
6. A Xunta de Galicia promoverá a coordinación e colaboración entre a consellería ou entidade instrumental competente en materia de Administración electrónica e sistemas de información e a consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental para garantir a custodia e conservación no marco da xestión documental.
7. Créase o Inventario dos Sistemas de Xestión de Documentos da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como instrumento de control e seguimento da produción e custodia de documentos electrónicos, que estará adscrito á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental. Regulamentariamente determinarase o seu contido, condicións e procedementos de inclusión no dito inventario.



Artigo 22. *Transferencias documentais*

1. A transferencia documental é o procedemento administrativo en virtude do cal se realiza a entrega, ordenada e relacionada por escrito, dos documentos dende as oficinas ou dende un arquivo a outro, así como o traspaso das responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso.
2. Se os documentos que se traspasan son documentos electrónicos deberanse transferir ao arquivo correspondente coa tecnoloxía que permita o acceso e que garanta a autenticidade, fiabilidade e integridade dos propios documentos e dos datos contidos neles, nos termos que se establezan regulamentariamente.
3. A Xunta de Galicia regulará o procedemento para as transferencias documentais con destino aos arquivos de titularidade ou xestión autonómica.






SECCIÓN 2.^a A INFORMACIÓN E O ACCESO AOS DOCUMENTOS

Artigo 23. Funcións relativas á información administrativa

No marco do disposto no artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, son funcións dos arquivos públicos no campo da información administrativa:


- a) Facilitarlles ás institucións das que dependan a consulta de cantos datos lles sexan necesarios para o cumprimento das actividades relacionadas co ámbito da súa competencia.
- b) Prestarlles ás institucións produtoras cantos documentos orixinais lles sexan necesarios para o cumprimento das actividades relacionadas co ámbito da súa competencia.
- c) Facilitarlles ás persoas e institucións públicas recoñecidas pola lexislación vixente cantos datos e documentos necesiten para o exercicio das súas competencias de inspección, xurisdición e control.





Artigo 24. Dereito de acceso

1. Todas as persoas físicas teñen dereito a acceder aos documentos que forman parte de procedementos rematados que se custodien no Sistema de Arquivos de Galicia, agás naqueles casos en que concorran as excepcións ou límites previstos nesta lei, na lexislación básica de procedemento administrativo, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, e na lexislación sectorial especial que sexa de aplicación.
2. Os arquivos teñen a obriga de proporcionar acceso aos documentos e á información que conteñen por medio dos instrumentos de consulta accesibles na rede, sen barreiras de identificación.
3. Os arquivos teñen a obriga de asesorar e informar os cidadáns na identificación e localización dos documentos que desexen consultar, de acordo coa lexislación vixente.
4. As denegacións do dereito de acceso aos documentos públicos deben realizarse por resolución motivada. O feito de que un documento non se atope nun arquivo non o exclúe da consulta pública.
5. Con carácter xeral, e salvo disposición legal que estableza un prazo distinto, os límites e exclusións ao dereito de acceso contemplados no punto 1 deste artigo desaparecerán unha vez transcorridos trinta anos desde a produción dos correspondentes documentos.
6. Se se trata de documentos que conteñan datos persoais que lle poidan afectar á seguridade, honra, saúde, intimidade ou imaxe das persoas e, en todo caso, aos supostos de violencia de xénero, poderán ser obxecto de consulta pública se media consentimento das persoas afectadas, ou cando transcorresen vinte e cinco anos desde a súa morte ou, se non se coñece a data do pasamento, cincuenta anos desde a produción do documento.





Artigo 25. A consulta e a obtención de copias ou certificacións dos documentos

1. O exercicio do dereito de acceso leva consigo o de obter copias e certificacións dos documentos. Este dereito poderá limitarse nos seguintes casos:

a) Se o estado de conservación dos documentos solicitados require un tratamento previo de restauración ou se a súa manipulación puidese causar unha posible deterioración.

b) Se o número de peticións de reprodución de documentos ou de documentos que se van reproducir fose desproporcionada ou impidise o funcionamento normal dos servizos de arquivo.

c) Cando as solicitudes de reprodución se refiran a documentos sobre os que recaian dereitos de propiedade intelectual. Nestes casos, as reproducións deberán respectar as condicións establecidas pola lexislación de propiedade intelectual.

2. A consulta directa dos documentos é gratuíta así como a utilización dos instrumentos de consulta que a faciliten.

3. A obtención de copias ou certificacións dos documentos está sometida ao aboamento das taxas ou prezos públicos legalmente establecidos ou, se é o caso, coa habilitación legal correspondente.



CAPÍTULO III

Os arquivos privados

Artigo 26. *Definición*

Son arquivos privados os conxuntos orgánicos de documentos producidos ou reunidos polas persoas físicas e xurídicas de carácter privado non incluídas no artigo 5.




Artigo 27. Obrigas dos titulares dos arquivos privados

1. En todo caso, os titulares de arquivos privados que custodien documentos que formen parte do patrimonio documental de Galicia, tal e como se define no artigo 77 da Lei do patrimonio cultural de Galicia, teñen respecto a eles as obrigas seguintes:

- a) Comunicarlle a súa existencia ao órgano de dirección e coordinación do Sistema de Arquivos de Galicia.
- b) Custodialos e conservalos integramente.
- c) Non desmembrar os fondos documentais sen autorización previa do órgano competente en materia de patrimonio documental.
- d) Comunicarlle previamente ao órgano competente en materia de patrimonio documental calquera traslado temporal ou definitivo, venda ou transmisión dos documentos, de conformidade co establecido na lexislación reguladora do patrimonio cultural de Galicia.
- e) Permitir o acceso aos documentos, nos termos establecidos na normativa vixente. Para dar cumprimento a esta obriga, o titular destes documentos terá dereito a depositalos nun arquivo público do sistema ou procederá á dixitalización das pezas.
- f) Colaborar coa Administración na realización das súas potestades inspectoras do patrimonio documental de Galicia.

2. En caso de incumprimento grave das obrigas establecidas nas alíneas b), c), d), e), e f) a consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental poderá acordar o ingreso temporal dos documentos nun arquivo público, a cargo da Administración ou da entidade infractora.






CAPÍTULO IV

Censo de arquivos

Artigo 28. Censo de arquivos e do patrimonio documental de Galicia

1. A Xunta de Galicia procederá, en coordinación coas restantes administracións, á confección dun censo dos arquivos e dos seus fondos documentais que incluírá unha estimación cuantitativa e cualitativa deles, así como do seu estado de conservación e condicións de seguridade.
2. Todas as autoridades e empregados/as públicos/as, así como as persoas privadas que sexan propietarias ou posuidoras de documentos integrantes do patrimonio documental de Galicia, están obrigados a colaborar coa Xunta de Galicia na confección do referido censo e a comunicar as alteracións que poidan producirse para os efectos da actualización deste.
3. Regulamentariamente desenvolverase a estrutura e o contido mínimo que terá o censo dos arquivos e o patrimonio documental, que en todo caso deberase facer accesible na rede.





TÍTULO III


Do Sistema de Arquivos de Galicia

CAPÍTULO I

Definición e estrutura do sistema

Artigo 29. Definición

O Sistema de Arquivos de Galicia é o conxunto de órganos, arquivos, centros e sistemas, relacionados entre si por órganos de dirección e coordinación, que, por medio da xestión documental, ten como finalidade servir á xestión administrativa, garantir o dereito dos cidadáns a acceder aos arquivos e protexer, conservar e difundir o patrimonio documental de Galicia.






Artigo 30. Estructura

1. O Sistema de Arquivos de Galicia está integrado por:

- a) A consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental, como órgano administrativo de dirección, coordinación e cooperación,
- b) Os órganos colexiados asesores, que serán o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental de Galicia, e
- c) Os diferentes arquivos públicos ou privados, de acordo co que establecen os artigos 31 e 32.

2. Cada Administración pública ou entidade constituirá o seu propio sistema de arquivos.





Artigo 31. *Arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia*

Compoñen o Sistema de Arquivos de Galicia os seguintes arquivos:

- a) Os arquivos da Xunta de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais,
- b) Os arquivos das entidades locais de Galicia e das entidades públicas instrumentais dependentes,
- c) Os arquivos públicos que custodien os documentos a que se refiren as letras a), f), i) do artigo 5.2. desta lei,
- d) O arquivo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a rede de arquivos xudiciais.
- e) Os arquivos doutras institucións e entidades públicas de carácter estatal ou internacional radicados en Galicia que se integren de acordo co establecido no artigo seguinte;
- f) Os arquivos privados que se integren de acordo co establecido no artigo seguinte.



Artigo 32. Requisitos e efectos da pertenza ao Sistema de Arquivos de Galicia

1. A xestión, conservación e acceso aos documentos públicos son responsabilidade directa dos titulares dos respectivos arquivos, de acordo coas súas competencias e co previsto nesta lei.

2. Os arquivos privados e os arquivos públicos mencionados no artigo 31 e) poderán integrarse no Sistema de Arquivos de Galicia, por iniciativa dos seus titulares, mediante a correspondente orde da consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental e co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia e seralles de aplicación o mesmo réxime de dereitos e obrigas que aos arquivos públicos.

3. Todos os arquivos do Sistema de Arquivos de Galicia deben cumprir os requisitos técnicos que se establezan por regulamento, e, en especial, os seguintes:

a) Aplicar un sistema de xestión documental, de acordo co previsto nesta lei, que garanta a autenticidade, fiabilidade, dispoñibilidade e integridade dos documentos, con independencia das técnicas ou dos soportes utilizados.

b) Aplicar a todos os documentos a normativa de avaliación que rexerá a súa conservación, en razón do seu valor xurídico e histórico, ou ben a súa eliminación.


c) Dispor do persoal suficiente e cualificado do punto de vista técnico e profesional.

d) Dispor das infraestruturas e orzamentos necesarios para garantir a conservación dos fondos documentais e o seu acceso público. Os arquivos deberán ter un horario de apertura ao público que non poderá ser inferior a quince horas semanais.

4. Os arquivos públicos e os arquivos privados integrantes do Sistema de Arquivos de Galicia poderán:

a) Acceder aos programas anuais ou plurianuais de apoio técnico e económico e ás medidas de fomento que estableza en función das dispoñibilidades orzamentarias a Xunta de Galicia.

b) Acceder aos servizos de conservación, reprodución, informatización e outros que se poidan establecer no marco dos plans e programas que promova a Xunta de Galicia.





Artigo 33. Órgano de dirección, coordinación e cooperación



1. A consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental é o órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia relativas ao Sistema de Arquivos de Galicia, así como de cooperación cos diversos arquivos, centros e sistemas integrados.

2. Correspóndelle ao órgano de dirección, coordinación e cooperación do sistema exercer as competencias dirixidas a garantir as funcións dos arquivos en relación coa xestión documental no marco da xestión administrativa xeral, o dereito de acceso dos cidadáns aos documentos e a protección, conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia. En todo caso, son competencias da consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental, sen prexuízo das competencias da consellería ou entidade instrumental competente en materia de Administración electrónica e sistemas de información:

- a) Elaborar políticas e estratexias relativas á administración dos arquivos e ao patrimonio documental.
- b) Coordinar tecnicamente e exercer a superior inspección dos arquivos que formen parte do Sistema de Arquivos de Galicia.
- c) Promover o intercambio de información entre os arquivos, bibliotecas e museos de Galicia, do Estado e doutras comunidades autónomas.
- d) Elaborar e, se é o caso, aprobar os proxectos de regulamentos referentes ao Sistema de Arquivos de Galicia.
- e) Asesorar desde o punto de vista técnico na elaboración dos proxectos de construción de arquivos e na determinación dos requisitos profesionais do persoal dos arquivos do sistema.
- f) Elaborar programas arquivísticos e plans sobre formación permanente dos/das profesionais do Sistema de Arquivos de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública e demais órganos competentes en materia de formación do persoal ao servizo das administracións públicas.
- g) Desenvolver programas de apoio técnico e económico aos arquivos que formen parte do Sistema de Arquivos de Galicia en función das disponibilidades orzamentarias a Xunta de Galicia.
- h) Promover a accesibilidade aos documentos, apoiando ou facilitando, se é o caso, a dixitalización do patrimonio documental galego que se atopa fóra da comunidade e do pertencente a arquivos privados.



- i) Velar pola correcta aplicación dos criterios de xestión documental nos arquivos integrados no sistema.
- j) Aprobar a homologación dos indicadores de avaliación de xestión ou de calidade aplicables aos arquivos pertencentes ao sistema.
- k) Promover a conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia e propoñer a tramitación dos procedementos de declaración de Bens de Interese Cultural e de inclusión no Catálogo e no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.
- l) Promover a integración de arquivos privados no Sistema de Arquivos de Galicia.
- m) Elaborar e manter actualizado o censo de arquivos de Galicia.
- n) Exercer as facultades de inspección e tramitar os procedementos sancionadores.
- o) Exercer calquera outra función relacionada coa xestión documental e os arquivos que se lle poidan encomendar regulamentariamente.





Artigo 34. O Consello de Arquivos de Galicia

1. Créase o Consello de Arquivos de Galicia como órgano Colexiado consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería con competencias en materia de cultura.
2. Son funcións do Consello de Arquivos de Galicia:
 - a) Informar preceptivamente:
 1. Os regulamentos que se diten en desenvolvemento desta lei.
 2. A incorporación dos arquivos ao Sistema de Arquivos de Galicia.
 3. O réxime de protección dos bens considerados patrimonio documental de Galicia.
 4. A declaración de bens do patrimonio documental como bens de interese cultural, así como a súa inclusión no catálogo ou no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.
 - b) Informar sobre os plans relacionados coa política arquivística que se propoña aprobar a Xunta de Galicia.
 - c) Informar sobre as normas técnicas básicas ás que deben adecuarse os sistemas de xestión documental dos arquivos que forman parte do Sistema de Arquivos de Galicia.
 - d) Propor actuacións e iniciativas para o mellor funcionamento do Sistema de Arquivos de Galicia, así como a mellora e desenvolvemento dos procesos de dixitalización, accesibilidade en liña ao material cultural e conservación dixital.
 - e) Informar sobre calquera asunto relacionado co dito sistema que se someta á súa consideración.
 - f) Calquera outra que se lle encomende regulamentariamente relativa ao asesoramento sobre a organización, estruturación e ordenación do Sistema de Arquivos de Galicia.
3. No Consello estarán representados os distintos arquivos que integran o Sistema de Arquivos de Galicia. A composición e funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia será establecida por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental.



Artigo 35. Consello de Avaliación Documental de Galicia.

1. O Consello de Avaliación Documental de Galicia é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento para o estudo e ditame sobre as cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos, recibidos ou acumulados no exercicio das súas funcións polas institucións, administracións e organismos públicos e polas empresas e entidades deles dependentes, así como a súa integración nos arquivos e o réxime de acceso e inutilidade administrativa de tales documentos no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia.

2. As funcións, composición e funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia será establecida por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental.




CAPÍTULO II

O Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia

Artigo 36. Estructura do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia

1. O Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia forma parte do Sistema de Arquivos de Galicia e está integrado por un órgano de dirección e coordinación e os diferentes arquivos dependentes da Xunta de Galicia.
2. Pertencen ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia os arquivos de xestión e centrais dos seguintes órganos e entidades:
 - a) Os órganos de goberno e Administración da Comunidade Autónoma de Galicia;
 - b) Os organismos autónomos, axencias públicas e demais entidades de dereito público ou privado con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia;
 - c) As sociedades do sector público autonómico;
 - d) As fundacións do sector público galego; e
 - e) As corporacións de dereito público con sede en Galicia, respecto daqueles documentos producidos no exercicio de competencias de carácter público.
3. Forman parte igualmente do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia:
 - a) Os arquivos xerais territoriais
 - b) O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra; e
 - c) O Arquivo de Galicia.





Artigo 37. Órgano de dirección, coordinación e cooperación do sistema

1. Correspóndelle á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental o establecemento das directrices e normas aplicables aos documentos dos arquivos das entidades relacionadas no artigo 36. En todo caso, son competencias do órgano coordinador do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia:

- a) Elaborar e, se é o caso, aprobar a normativa referente aos arquivos públicos do Sistema;
- b) Elaborar as normas técnicas e de procedemento para a xestión dos arquivos do Sistema, sen prexuízo das competencias da consellería ou entidade instrumental competente en materia de Administración electrónica e sistemas de información.
- c) Ditar as instrucións técnicas en materia de tratamento arquivístico dos arquivos integrantes do sistema;
- d) Coordinar e inspeccionar dende o punto de vista técnico os arquivos integrantes do sistema; e
- e) Cooperar e fomentar a ordenación arquivística das entidades locais.

2. As persoas titulares de secretarías xerais técnicas das consellerías, secretarías de delegacións territoriais, xefaturas territoriais e as responsables dos servizos xerais dos organismos e institucións citados no artigo 36.2 velarán pola adecuada instalación e funcionamento dos arquivos. Para estes efectos, os recursos necesarios para a custodia física e a execución dos procesos técnicos serán asumidos polos organismos produtores da documentación.

3. No caso das corporacións de dereito público ás que fai referencia a letra e) do punto 2 do artigo 36, as competencias dos anteditos órganos e unidades administrativas limitarase á coordinación e supervisión no marco da súa condición de Administración tutelante, e sen menoscabo da responsabilidade e autonomía propias dos órganos de goberno das citadas corporacións.



Artigo 38. *Arquivos de xestión*

1. Existirá un arquivo deste tipo polo menos en cada órgano da Administración da comunidade autónoma, sexa un órgano de goberno, de apoio, directivo, de asistencia ou consultivo, central ou periférico, así como nos órganos de dirección e administración do resto das entidades sinaladas no artigo 36.
2. Os arquivos de xestión reúnen os documentos xerados polas unidades administrativas dependentes do correspondente órgano, co obxectivo prioritario de apoiar a súa xestión e acreditar as súas actuacións.
3. As persoas responsables de cada unidade administrativa velarán pola custodia e conservación dos documentos en fase de tramitación, segundo os procedementos establecidos ao efecto, e ata a súa transferencia ao arquivo correspondente. Nesta función serán asesorados polas persoas responsables dos arquivos centrais.
4. Sen prexuízo da súa dependencia orgánica correspondente, os arquivos de xestión dependerán en todo o relativo ao seu funcionamento das directrices técnicas, da asistencia e da inspección do organismo coordinador do sistema.
5. Os arquivos de xestión realizarán as transferencias dos seus documentos ao arquivo central ou territorial que lles corresponda.
6. Se os documentos que se transfiren fosen documentos electrónicos, deberán enviarse coa tecnoloxía que permita o acceso e garanta a autenticidade, fiabilidade e integridade dos propios documentos e dos datos contidos neles, nos termos que se establezan regulamentariamente.



Artigo 39. Arquivos centrais

1. Existirá un arquivo central en cada consellería e opcionalmente, cando non estea creado un arquivo xeral territorial, en cada xefatura territorial dela dependente, así como naqueles organismos que posúan personalidade xurídica propia.
2. Os arquivos centrais definen, implantan e manteñen, no ámbito dos órganos e entidades mencionados no artigo 36, o sistema de xestión documental, de acordo coa normativa técnica e as directrices do órgano coordinador do sistema e as instrucións da persoa titular da secretaría xeral ou do correspondente órgano directivo.
3. Os arquivos centrais realizarán as transferencias de documentos que lles correspondan ao Arquivo de Galicia, ou, se é o caso, ao arquivo intermedio ou histórico xestionado pola Xunta de Galicia da súa demarcación territorial.
4. Os arquivos centrais asesorarán o persoal responsable dos arquivos de xestión e coordinarán a súa organización e funcionamento.
5. Á fronte de cada arquivo central haberá unha persoa do Corpo Facultativo Superior de Arquivos, nos termos que estableza o plan previsto na disposición transitoria segunda e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, tras a correspondente modificación da relación de postos de traballo.
6. Se os documentos recibidos dos arquivos de xestión fosen documentos electrónicos, deberán enviarse coa tecnoloxía que permita o acceso e garanta a autenticidade, fiabilidade, integridade dos propios documentos e dos datos contidos neles, nos termos que se establezan regulamentariamente.
7. Sen prexuízo da súa dependencia orgánica, os arquivos centrais dependerán, en todo o relativo ao seu funcionamento, das directrices técnicas, da asistencia e da inspección do órgano coordinador do sistema.
8. As instalacións dos arquivos centrais estarán preferentemente no mesmo edificio que o órgano ao que sirvan.



Artigo 40. Arquivos xerais territoriais


1. Constituiranse nas provincias arquivos xerais territoriais que exercerán como arquivos centrais e intermedios xerais das delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e das entidades sinaladas no artigo 36 de ámbito provincial ou territorial.

Os arquivos xerais territoriais definen, implantan e manteñen, no ámbito dos órganos e entidades mencionados no artigo 36 de ámbito provincial ou territorial, o sistema de xestión documental, de acordo coa normativa técnica e as directrices do órgano coordinador do sistema e as instrucións da persoa titular da secretaría xeral técnica da consellería con competencias en materia de arquivos e patrimonio documental. Os arquivos xerais territoriais realizarán a transferencia dos documentos de custodia permanente ao arquivo que corresponda.

2. Os arquivos xerais territoriais asesorarán o persoal responsable dos arquivos de xestión e coordinarán a súa organización e funcionamento.

3. Á fronte de cada arquivo xeral territorial haberá unha persoa do Corpo Facultativo Superior de Arquivos, nos termos que estableza o plan previsto na disposición transitoria segunda e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, tras a correspondente modificación da relación de postos de traballo.

4. As dependencias dos arquivos xerais territoriais deberán instalarse no edificio administrativo sede das delegacións provinciais/territoriais, no caso de que exista este edificio común.





Artigo 41. O Arquivo do Reino de Galicia

1. Sen prexuízo da lexislación estatal que lle afecte, o Arquivo do Reino de Galicia cumpre as funcións de arquivo histórico do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia na provincia da Coruña e, no marco dos plans e programas establecidos polo órgano de dirección e coordinación do sistema, correspóndelle:

- a) Recibir os documentos de custodia permanente procedentes, se é o caso, do arquivo xeral territorial, ou dos arquivos centrais das delegacións e entidades sinaladas no artigo 36 de carácter provincial ou territorial, de acordo co establecido nesta lei e coas normas que a desenvolvan.
- b) Recibir os documentos dos organismos, institucións e entidades públicas de carácter provincial ou territorial dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos, con independencia da súa antigüidade e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral que concirnan á súa provincia que se acorden depositar nel.
- c) Recibir os documentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou doutros organismos públicos que, se é o caso, pretendan depositarse por motivos de racionalización financeira e eficacia administrativa, co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia.
- d) Identificar, valorar e seleccionar, se é o caso, os documentos recibidos que o precisen.
- e) Organizar, describir e conservar os seus fondos documentais.
- f) Reproducir con fins de conservación e difusión os documentos que custodie no marco dos plans e programas elaborados polo órgano de dirección e coordinación do sistema.
- g) Facilitar o acceso aos documentos e á información contida neles nos termos que establece a lexislación.
- h) Difundir por calquera medio os fondos documentais que custodie.
- i) En xeral, calquera outra función que lle sexa encomendada por razón da súa competencia.

2. Á fronte do Arquivo do Reino de Galicia haberá unha persoa do Corpo Facultativo Superior de Arquivos.



Artigo 42. Os arquivos históricos provinciais

1. Sen prexuízo da lexislación estatal que lles afecte, os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra cumpren as funcións de arquivos históricos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia na respectiva provincia e, no marco dos plans e programas establecidos polo órgano de dirección e coordinación do sistema, correspóndelles:

- a) Recibir os documentos de carácter permanente procedentes, se é o caso, do arquivo xeral territorial, ou dos arquivos centrais das delegacións, xefaturas territoriais e entidades sinaladas no artigo 36 de carácter provincial ou territorial, de acordo co establecido nesta lei e coas normas que a desenvolvan.
- b) Recibir os documentos dos organismos, institucións e entidades públicas de carácter provincial ou territorial dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos, con independencia da súa antigüidade e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral que concirnan á súa provincia que se acorden depositar nel.
- c) Recibir, a través do oportuno convenio de colaboración, outros documentos públicos que, se é o caso, pretendan depositarse, por motivos de racionalización financeira e eficacia administrativa, logo do informe correspondente do Consello de Arquivos de Galicia.
- d) Identificar, valorar e seleccionar, se é o caso, os documentos recibidos que o precisen.
- e) Organizar, describir e conservar os seus fondos documentais.
- f) Reproducir con fins de conservación e difusión os documentos que custodien no marco dos plans e programas elaborados polo órgano de dirección e coordinación do sistema.
- g) Facilitarlles o acceso aos documentos e á información contida neles nos termos que establece a lexislación.
- h) Difundir por calquera medio os fondos documentais que custodien.
- i) En xeral, calquera outra función que lles sexa encomendada por razón da súa competencia.

2. Á fronte dos arquivos históricos provinciais haberá unha persoa do Corpo Facultativo Superior de Arquivos.



Artigo 43. O Arquivo de Galicia

1. O Arquivo de Galicia, con carácter intermedio e histórico, é a cabeceira e o centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia. Estará adscrito á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental e terá a súa sede na cidade de Santiago de Compostela.

2. Son funcións do Arquivo de Galicia as seguintes:

- a) Recibir os documentos procedentes dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades públicas dependentes dela cun ámbito territorial superior a unha provincia.
- b) Recibir os documentos procedentes de organismos, institucións e entidades públicas de ámbito autonómico dependentes da Xunta de Galicia que fosen suprimidos, con independencia da súa antigüidade, e calquera outro fondo de carácter público ou privado de interese xeral para a comunidade autónoma que se acorde depositar nel, co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia, se é o caso, a través do oportuno convenio de colaboración.
- c) Programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- d) Organizar, describir e conservar os seus fondos documentais que custodie.
- e) Coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia.
- f) Facilitar o acceso aos documentos e á información contida neles nos termos que establece a lexislación.
- g) Difundir por calquera medio os fondos documentais que custodie e, en xeral, o patrimonio documental de Galicia.
- h) Establecer e desenvolver normas técnicas arquivísticas para o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- i) En xeral, calquera outra función que lle sexa encomendada por razón da súa competencia


3. Á fronte do Arquivo de Galicia deberá haber unha persoa do Corpo Facultativo Superior de Arquivos.

4. O Arquivo Dixital integrado de Galicia formará parte do Arquivo de Galicia e desenvolverá os procesos e funcións da xestión documental a que se refire o artigo 19 no ámbito da Administración electrónica en coordinación co órgano



XUNTA DE GALICIA

competente en materia de Administración tecnolóxica






CAPÍTULO III

Os sistemas de arquivos das entidades locais

Artigo 44. *Dos sistemas de arquivos das entidades locais*


1. Integran os sistemas de arquivos das entidades locais de Galicia os arquivos:
 - a) Das administracións locais de Galicia e das entidades de dereito público e privado delas dependentes.
 - b) Das persoas físicas ou xurídicas no exercicio de competencias delegadas de carácter público por unha entidade local.
2. As entidades locais territoriais desenvolverán regulamentariamente o seu propio sistema de arquivos no marco do Sistema de Arquivos de Galicia co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia. En todo caso, están obrigadas a aplicar normas e procedementos que garantan o tratamento axeitado en canto á produción, xestión, organización, conservación e difusión dos documentos xerados ou recibidos no exercicio das súas funcións.
3. Os arquivos de entidades locais non territoriais rexeranse por esta lei e pola súa normativa de creación.
4. A representación das entidades locais no Consello de Arquivos de Galicia será exercida pola Federación Galega de Municipios e Provincias, nos termos que estableza o regulamento ao que fai referencia o artigo 34.3.





Artigo 45. Os arquivos das deputacións provinciais.

1. Os arquivos das deputacións provinciais estarán a cargo dun/dunha arquivista/a cualificado/a con titulación universitaria.
2. Son competencias das deputacións provinciais en materia de arquivos, ademais da xestión dos seus propios arquivos, a prestación de servizos de asesoramento e de apoio económico aos arquivos municipais, especialmente no caso de concellos de menos de 10.000 habitantes.
3. Son obrigas das deputacións provinciais:
 - a) Presentar ante o Consello de Arquivos de Galicia os plans de actuación nos arquivos municipais, para que os informe.
 - b) Coordinar coa Xunta de Galicia a súa política de arquivos e patrimonio documental Galicia.
 - c) Comunicar á Xunta de Galicia os datos que lle sexan solicitados en materia de arquivos e patrimonio documental.





Artigo 46. Os arquivos dos concellos

1. De acordo co disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios poderán mancomunar os seguintes servizos:

- a) A contratación dun/dunha arquivista/a ou arquivistas/as, para o servizo a todos os municipios integrantes da mancomunidade; e
- b) A concentración nun só edificio de todos os documentos xerados polos municipios integrantes da mancomunidade, que en todo caso deberán estar á disposición dos concellos depositantes e tratarse de acordo cos principios e técnicas arxivísticas.

2. Os municipios recibirán asistencia técnica e, se é o caso, en función das disponibilidades orzamentarias, apoio económico da Xunta de Galicia a través de convenios ou outras formas de colaboración que poidan articularse entre as distintas administracións.






CAPÍTULO IV

Dos sistemas de arquivos doutras institucións e entidades

Artigo 47. Arquivos dos órganos estatutarios e do Consello Consultivo de Galicia

O Parlamento de Galicia, o Valedor do Pobo, o Consello de Contas de Galicia o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo de Galicia, desenvolverán os seus sistemas de arquivos a través das súas propias normas, co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia, e ateranse aos criterios técnicos desta lei en canto non se opoñan ao seu réxime xurídico, de organización e de funcionamento.





Artigo 48. *Arquivos das universidades públicas de Galicia*

As universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) desenvolverán os seus sistemas de arquivos a través das súas propias normas, co informe previo do Consello de Arquivos de Galicia, e ateranse a esta lei en canto a criterios técnicos e medios humanos e materiais.



Artigo 49. *Os arquivos dos xulgados e tribunais de Xustiza*

1. Os xulgados e tribunais de Xustiza constituirán os seus propios sistemas de arquivos e rexeranse, no que respecta á xestión de documentos e arquivos, polo disposto na súa lexislación específica.
2. Os documentos xudiciais cualificados de conservación permanente pola Xunta de Expurgación da Documentación Xudicial de Galicia, ingresarán no correspondente arquivo histórico provincial, sen prexuízo do establecido no artigo 41.



Artigo 50. Os arquivos de institucións políticas, sindicais, culturais, educativas e relixiosa

1. Os arquivos das institucións de carácter político, sindical, cultural, educativo e relixioso, poderán desenvolver os seus sistemas de arquivos e quedarán obrigados ao estipulado no artigo 27 como titulares de documentos considerados patrimonio documental.
2. A consellería competente en materia de arquivos colaborará con estas institucións para promover a preservación, difusión e servizo do seu patrimonio documental.
3. Sen prexuízo do disposto nos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sé, e dada a relevancia que para o pobo galego teñen os arquivos da Igrexa católica, esta velará pola protección, conservación e acceso da cidadanía aos documentos integrantes do patrimonio documental galego do que sexa depositaria en Galicia, suxeitarase ao disposto na presente lei e colaborará coas administracións públicas para o seu cumprimento.



TÍTULO IV


Réxime sancionador

CAPÍTULO I

Das infraccións administrativas

Artigo 51. Infraccións administrativa

1. Sen prexuízo do establecido no Título IX da Lei 8/1995, do 30 de outubro, son infraccións administrativas en materia de arquivos e patrimonio documental de Galicia as accións ou omisións contrarias ao disposto nesta lei. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. Son infraccións leves:
 - a) A falta de colaboración coa Xunta de Galicia na confección do censo de arquivos e do patrimonio documental.
 - b) Impedir arbitrariamente o acceso dos cidadáns á información ou aos documentos.
 - c) O incumprimento de obrigas que cause dano ao patrimonio documental, se non se atopa tipificado noutra norma.
3. Son infraccións graves:
 - a) Causar danos graves nos documentos dos arquivos.
 - b) Reter indebidamente documentos de titularidade pública por parte das persoas que os custodian ao cesar nas súas funcións.
 - c) Obstaculizar aos organismos produtores dos documentos o préstamo e a utilización dos datos contidos nos documentos.
 - d) Non manter o segredo das informacións que se posúan por razón do cargo e non deban ser divulgadas.
 - e) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 27 por parte das persoas titulares de arquivos privados.
 - f) A retención indebida de documentos de titularidade pública por persoas e institucións privadas.
 - g) A obstrución ao exercicio das funcións inspectoras do órgano coordinador do sistema.
 - h) Contravir o disposto polo órgano coordinador do sistema sobre medidas de





garantía para a seguridade e a conservación dos documentos.

i) A reiteración de dúas faltas leves.


4. Son infraccións moi graves:

a) A publicación ou utilización indebida de segredos oficiais así declarados por lei ou clasificados como tales.

b) A destrución de documentos á marxe dos procedementos regulamentariamente establecidos, e cuxo valor supere os 60.000 euros e todas as accións ou omisións que leven aparelladas a perda, destrución ou deterioración irreparable dos bens protexidos por esta lei.

c) Permitir o acceso á información daqueles documentos restrinxidos polas disposicións legais.

d) A reiteración de dúas faltas graves.





CAPÍTULO II

Das sancións

Artigo 52. Sancións

1. Sen prexuízo das responsabilidades civís, penais, disciplinarias ou doutra orde, pola comisión das infraccións administrativas tipificadas na presente lei aplicaranse as sancións seguintes:

a) No caso de que o dano poida ser valorado economicamente, a infracción será sancionada con multa do tanto ao cuádruplo do valor do dano causado.

b) Nos demais casos procederase da seguinte maneira:

Para as infraccións leves: dende a amoestación ata multa de 3.000 euros.

Para as infraccións graves: multa de entre 3.001 e 60.000 euros.

Para as infraccións moi graves, multa de entre 60.001 e 1.000.000 euros.

2. As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada por el mesmo ao estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados aos documentos de titularidade pública.


3. As multas que se lles impoñan a diferentes suxeitos como consecuencia da mesma infracción serán independentes entre si.





Artigo 53. Gradación das sancións


1. A contía das sancións administrativas fixadas na alínea anterior graduarase de acordo coa reincidencia, o grao de intencionalidade, o beneficio económico que se pretendía obter, a importancia ou o valor do ben, a repercusión do dano de calquera índole sobre os documentos de titularidade pública ou sobre o cidadán e a reparación espontánea do dano causado.
2. Haberá reincidencia cando o autor dos feitos cometa no termo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza e así se declare por medio dunha resolución firme.





Artigo 54. Competencia

Correspóndelle a cada Administración pública titular dos arquivos públicos incoar, tramitar e resolver os expedientes sancionadores polas infraccións tipificadas no artigo 51, agás no 51.2.a), a 51.3.a) e f) e a 51.4.b) que lle corresponderán á Xunta de Galicia.






CAPÍTULO III

Da prescrición das infraccións e das sancións e dos prazos de resolución

Artigo 55. *Prescrición das infraccións e sancións*


1. As infraccións administrativas moi graves prescribirán aos catro anos, contados dende a data en que a Administración teña coñecemento dos feitos, e as graves e leves aos dous anos.
2. As sancións por infraccións leves prescribirán ao ano a partir do día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución da súa imposición, as correspondentes a infraccións graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.





Artigo 56. Prazo de resolución do expediente sancionador


1. O prazo máximo de resolución do procedemento sancionador será de seis meses, transcorrido o cal se producirá a caducidade do procedemento nos termos previstos polo artigo 44.2 da Lei 30/1992.
2. A imposición de sancións administrativas axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, ou norma autonómica que o substitúa ou complemente.





Disposición adicional primeira

Os documentos producidos e reunidos pola Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias e que sexan depositados nos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e no Arquivo do Reino de Galicia, regularanse polas disposicións establecidas nesta lei e polas normas que a desenvolvan.






Disposición adicional segunda

Os documentos do Estado depositados ou transferidos aos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e ao Arquivo do Reino de Galicia, xestionados pola Xunta de Galicia, regularanse pola presente lei, con independencia da súa titularidade, e sen prexuízo das competencias estatais sobre a defensa contra a exportación e espolio do patrimonio cultural.



Disposición adicional terceira

Autorízase a Xunta de Galicia para que actualice regulamentariamente as contías das multas establecidas no artigo 52.1 b), de conformidade coa variación do índice de prezos de consumo. Actualizarase tamén a contía do valor dos documentos á que fai referencia o artigo 51.3 b).






Disposición adicional cuarta

1 No funcionamento dos arquivos públicos promoveranse actuacións de discriminación positiva, para favorecer a recuperación e tratamento daqueles documentos que sexan testemuña da presenza e acción das mulleres en Galicia.


2 Na composición, proposta ou designación dos membros dos órganos colexiados regulados nos artigos 34 e 35 desta lei, atenderase ao principio de presenza equilibrada entre homes e mulleres.





Disposición adicional quinta


A consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental articulará as medidas necesarias para que os documentos que integran o patrimonio documental galego e estean depositados en arquivos doutras administracións públicas se reintegren aos arquivos correspondentes de Galicia. De non ser posible, solicitarase copia dos ditos documentos.





Disposición adicional sexta

Os documentos constitutivos da historia clínica das persoas usuarias da asistencia sanitaria que se preste nos centros e establecementos sanitarios públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia, rexeranse pola súa normativa, a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos/das pacientes, e a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica.





XUNTA DE GALICIA

Disposición transitoria primeira

No prazo de seis meses desde a publicación da lei, a Xunta de Galicia regulará a organización e o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia e do Consello de Avaliación Documental de Galicia.




Disposición transitoria segunda

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei a consellería competente en materia de cultura propondrá ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun plan de arquivos, que avaliará as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema da Xunta de Galicia.



Disposición transitoria terceira


No prazo de tres anos dende a publicación da lei, os arquivos integrantes do Sistema de Arquivos de Galicia adecuarán a súa normativa aos principios dispostos nesta lei.





Disposición derogatoria

1. Queda derogado o Decreto 307/1989, do 23 de decembro, polo que se regula o sistema de arquivos e o patrimonio documental de Galicia.
2. Quedan derogados os artigos 76.2, 76.3, 78.1, 79, 80 e 91 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
3. Así mesmo, quedan derogadas as normas de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta lei.






Disposición final primeira

Modifícase o artigo 7 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que queda redactado da seguinte forma:


g) “Consello de Arquivos de Galicia e Consello de Avaliación Documental de Galicia.”





Disposición final segunda

Autorízase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento desta lei.





XUNTA DE GALICIA

Disposición final terceira

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727